

## CARREIRA PROFESIONAL E COMPLEMENTO DE DESEMPEÑO: AMPLIACIÓN DE PRAZO PARA A RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTES

Santiago de Compostela 01/03/2023

Publícanse hoxe en DOG, mediante dúas resolucións ([carreira profesional](#), [complemento de desempeño](#)) a ampliación do prazo para resolver os expedientes de solicitude, **en tres meses**.

As razóns expostas para a ampliación son:

4. Dada a **elevada cantidade de solicitudes feitas por fóra da canle prevista (Fides)**, o feito de que se trata dun **programa novo** aínda en **fase de desenvolvemento** e a **falta de medios persoais e materiais da subdirección** que tramita o procedemento, a Dirección Xeral da Función Pública dispuxo a modificación da RPT para a creación de máis prazos, ben que non é un proceso inmediato.

5. A **adaptación a un novo sistema** e as **dúvidas xurdidas na tramitación do procedemento acerca da presentación de méritos** e a **valoración da antigüidade das solicitudes que foron desestimadas polo baremo** fai necesario a consulta coa Comisión de Seguimento do acordo, que tamén afecta os prazos de resolución.

Por iso, co obxecto de cumprir co prazo recollido na orde de convocatoria, cómpre ampliar o prazo de resolución ao non se poder cumprir o prazo previsto.

UGT na Comisión de seguimento solicitou, o 19 de xaneiro, que de conformidade coas ordes de convocatoria e en aras a eficacia do procedemento e **co fin de evitar requirimentos e alongar así a resolución dos expedientes**, parecíamos que existían criterios que moi probablemente, no primeiro momento da resolución, **non foran contrastados con outros datos que lle constan a administración**, a maiores da formación, cuestión que si contempla a orde que debe facerse e que **si debían ser tidos en conta co fin de evitar dilacións non desexadas na conclusión do procedemento**.

O tempo e o DOG viñeron a darnos a razón, esperamos que coa ampliación de postos, para a Dirección Xeral da Función Pública e para a Subdirección encargada da tramitación deste procedemento, que aprobará hoxe, con toda seguridade, a Comisión de Persoal da RPT de Facenda e Administración Pública, se arranxen estes atrancos na resolución dos expedientes.

